



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. SAN TOMÉ DO CARBALLO  
Rúa do Conde, s/n 27550 Taboada  
Tfno. 982465479 Fax 982455017 [cpi.santome.taboada@edu.xunta.es](mailto:cpi.santome.taboada@edu.xunta.es)

# Información para pais e nais de alumnado de 6º de primaria



**Información académica e profesional.**



## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 1- A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- É unha etapa educativa obrigatoria e gratuíta. Xunto coa educación primaria constitúe a educación básica. **Comprende 4 cursos** académicos, que se realizarán ordinariamente entre os 12 e os 16 anos de idade.
- INCORPORACIÓN: unha vez cursada a E.P.

### 2- OBXECTIVOS:

- Formar ao alumnado para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos.
- Preparar para estudos posteriores ou para incorporarse á vida activa.
- Contribuír ao desenvolvemento das **competencias básicas que dentro do marco asumido pola U. Europea, son oito:**
  - 1- C. en comunicación lingüística.
  - 2- C. matemática.
  - 3- C. no coñecemento e interacción co mundo físico.
  - 4- Tratamento da información e competencia dixital.
  - 5- C. social e cidadá.
  - 6- C. cultural e artística.
  - 7- C. para aprender a aprender.
  - 8- Autonomía e iniciativa persoal.

### 3- ORGANIZACIÓN DA ESO:

- Organízase en materias. A **segunda Lingua estranxeira é materia obrigatoria** para todo o alumnado **en 1º e 2º curso, excepto** para o alumnado que precise apoios complementarios.

Nas seguintes táboas reflíctense as materias que se imparten en cada curso e o nº de períodos lectivos semanais.

**Organización do 1º e 2º curso.**

| MATERIAS                                      | CURSO |    |
|---|-------|----|
|   | 1º    | 2º |
| Lingua Castelá e Literatura                   | 4     | 3  |
| Lingua Galega e Literatura                    | 4     | 3  |
| 1ª Lingua Estranxeira ( inglés ou francés)    | 3     | 3  |
| Matemáticas                                   | 4     | 4  |
| Ciencias Sociais, Xeografía e Historia        | 3     | 3  |
| Educación Física                              | 2     | 2  |
| Ciencias da Natureza                          | 4     | 3  |
| Educación Plástica e Visual                   | 2     | -- |
| Tecnoloxías                                   | --    | 3  |
| Música  | --    | 2  |
| Educación para a cidadanía e dereitos humanos | --    | 2  |
| Relixión ou alternativa                       | 2     | 1  |
| Titoría                                       | 1     | 1  |
| Segunda lingua estranxeira (francés)          | 2     | 2  |
| Proxecto interdisciplinar                     | 1     | -- |

Cursarase preferentemente a **segunda lingua estranxeira (Francés)**. Pero, naqueles casos nos que un alumno ou alumna presente dificultades coa lingua recomendarase que quede exento de cursar a 2ª lingua estranxeira ( Francés) recibindo nestas sesións un reforzo que lle permita superar as dificultades nas materias lingüísticas.

**Organización do 3º curso**

| <b>MATERIAS</b>   | <b>3º</b> |
|---|-----------|
| Lingua Castelá e Literatura   | 3         |
| Lingua Galega e Literatura  | 3         |
| 1ª Lingua Estranxeira ( inglés ou francés)  | 3         |
| Matemáticas   | 4         |
| Ciencias Sociais, Xeografía e Historia  | 3         |
| Educación Física  | 2         |
| Bioloxía e Xeoloxía   | 2         |
| Educación Plástica e Visual   | 2         |
| Tecnoloxías   | 2         |
| Música  | 2         |
| Cultura clásica ( oferta obrigada dos centros, voluntaria para o alumnado, pódese cursar en 3º ou 4º)                                 | 2*        |
| Relixión ou alternativa   | 2         |
| Titoría   | 1         |
| Segunda lingua estranxeira ( alemán, francés, inglés, italiano ou portugués) 8 oferta obrigada polo centro, pódese cursar en 3º e 4º) | 2*        |
| Física e química  | 2         |
| Obradoiro de iniciativas emprendedoras ( oferta obrigada dos centros, voluntaria para o alumnado, pódese cursar en 3º ou 4º)          | 2*        |

Nota: as materias que aparecen con (\*) son as optativas, o alumno/a elixe unha.

**Organización do 4º curso**

| <b>MATERIAS</b>   | <b>4º</b> |
|---|-----------|
| Lingua Castelá e Literatura   | 3         |
| Lingua Galega e Literatura  | 3         |
| 1ª Lingua Estranxeira ( inglés ou francés)  | 3         |
| Matemáticas   | 3         |
| Ciencias Sociais, Xeografía e Historia  | 3         |
| Educación Física  | 2         |
| Bioloxía e Xeoloxía   | 3**       |
| Educación Plástica e Visual   | 3**       |
| Tecnoloxía  | 3**       |
| Música  | 3**       |
| Cultura clásica ( oferta obrigada dos centros, voluntaria para o alumnado, pódese cursar en 3º ou 4º)                               | 3*        |
| Relixión ou alternativa   | 1         |
| Titoría   | 1         |
| Segunda lingua estranxeira ( alemán, francés, inglés, italiano ou portugués) oferta obrigada polo centro, pódese cursar en 3º e 4º) | 3**       |
| Física e química  | 3**       |
| Obradoiro de iniciativas emprendedoras ( oferta obrigada dos centros, voluntaria para o alumnado, pódese cursar en 3º ou 4º)        | 3*        |
| Educación ético-cívica  | 1         |
| Informática   | 3**       |
| Latín   | 3**       |

Nota: as materias que aparecen con (\* \*) o alumno/a ten que elixir 3 as non elixidas xunto coas que aparecen con (\*) convértense en optativas e o alumno elixe unha.

**AVALIACIÓN:**

- Trimestralmente e ao final de cada curso por materias. En setembro proba extraordinaria das materias non superadas na avaliación final ordinaria.
- Ao finalizar o 2º curso da ESO realizarase unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas. Terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

**PROMOCIÓN NA ESO:**

- Cando se teñan **superados os obxectivos de todas as materias** ou con **avaliación negativa en dúas** materias como máximo. O alumnado que promocióne con materias pendentes seguirá un programa de reforzo.

**PROMOCIÓN**

**XUÑO:**

- ⇒ Tódalas materias superadas ..... promocióna ao curso seguinte.
- ⇒ X materias non superadas..... **exames** extraordinarios en **setembro**.

**SETEMBRO** (despois de realizar os exames):

- ⇒ 1 materia sen superar ..... promocióna (*ten que **examinarse** desa materia nos cursos seguintes*).
- ⇒ 2 materias sen superar ..... promocióna (*ten que **examinarse** desas materias nos cursos seguintes*).

En tódolos cursos á hora de valorar a posibilidade da promoción, con dúas materias non superadas, será imprescindible:

- ✓ Participación na aula
- ✓ Traballar con regularidade
- ✓ Bo comportamento
- ✓ Non deixar exames en branco.

⇒ **3 ou máis** materias sen superar ..... **NON PROMOCIONA. (REPITE)**

### REPETICIÓN

- **Repetirase** curso cando se teña **avaliación negativa en 3 ou máis** materias.
- **Cada curso soamente se repite 1 vez.** Poderase repetir, como máximo, **2 veces ao longo de toda a etapa.** **Excepcionalmente,** poderase repetir unha 2ª vez en 4º curso, se non se repetiu nos cursos anteriores desta etapa e se prevé que con esta medida o alumno/a acadará o graduado en ESO
- Para os efectos de promoción e de titulación, **computaranse** como materias con avaliación negativa tanto as **suspensas do propio curso como as de cursos anteriores.** O proxecto interdisciplinar non computa para efectos de promoción.

### TITULACIÓN:

- Concédese unha vez **superadas todas as materias da etapa.**
- Á hora de valorar a posibilidade da titulación con unha materia non superada en setembro terase en conta:

A participación na aula

Traballar con regularidade

Bo comportamento


Non deixar exames en branco e ter como mínimo un 2,5 de nota

Con dúas materias non superadas en setembro: non titulación.

Así mesmo propónse a elaboración dun informe sobre o abandono da materia por avaliacións, informando ós pais de que pode non obter o título.

- O título de Graduado en ESO permite acceder a estudos de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.
- O alumnado que non obtén o título de graduado en secundaria obrigatoria recibirá un certificado de escolarización

## REGRAS DE OURO PARA TRIUNFAR NA E.S.O.





**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN****¿Que é?**

É un dos departamentos do centro que **colabora, informa e asesora** ó **alumnado, ó profesorado e ás familias.**

**¿En qué pode axudar?****Ó alumnado:**

- ☞ No desenvolvemento persoal e social (coñecemento e seguridade en si mesmo, conducta social responsable, relacións sociais, solución de problemas, ...).
- ☞ Na mellora do rendemento académico.
- ☞ Na toma de decisións sobre o futuro académico e profesional.

**Ó profesorado:**

- ☞ Apoio á función docente, titorial e orientadora.

**Ás familias:**

- ☞ No proceso educativo dos seus fillos/as.